

# OS COTOS

SETEMBRO  
2022



Grazas aos veciños e veciñas  
que participaron.

## **FOI BOA A FESTA XII DE OS COTOS**

**O PASADO LUNS DÍA 15 DE AGOSTO  
AS DEZ PARROQUIAS COMPARTIMOS A EUCARISTÍA,  
E LOGO O XANTAR QUE CADA QUEN QUIXO LEVAR.**

**TAMÉN HOUBO TEMPO PARA BOTAR UNHA PARTIDA  
E UNHAS BOAS PARRAFADAS,  
MESMO UNHAS NOTAS DE GAITA E PANDEIRETA  
ANIMARON A TARDE.**

**REMATAMOS COA VISITA Á CAPELA  
DE SAN ANTONIO DA REGUEIRA.**

**DESTA VOLTA TIVO QUE SER NO MERENDEIRO  
DE SAN ANTONIO EN VERDUCIDO.**

**GRAZAS**



199 Folla  
informativa para  
a comunidade  
cristiá







## Días importantes do mes de setembro



Día internacional da igualdade salarial 18 de setembro



Na actualidade persiste a desigualdade de xénero e a pouca relevancia do empoderamento feminino. Destaca que a remuneración salarial percibida polas mulleres é inferior a dos homes. Aínda que non pareza segue sendo así.

A igualdade salarial ou igualdade de remuneración implica o dereito que teñen os homes e mulleres a percibir unha mesma remuneración por un traballo de igual valor, tomando en conta factores como competencias, condicións de traballo, calificacións e niveis de responsabilidade.



No ano 1951 estableceuse un convenio sobre igualdade de remuneración.

*Pasiños moi cortos e aínda andamos así setenta anos despois.*

## Unhas palabras do Papa Francisco

Non sinto que teña 85 anos



“Non sinto a idade, cando me poño a pensar que teño 85 anos”.

“O tiven que pensar agora cando non me deixei operar pola anestesia; dixeron, non, iso non; paréceme unha cousa non real”.

“A esta idade, eu ríome de min mesmo e sigo adiante”.

“A vellez é algo lindo” e rexeito a sociedade que quere “descartar os vellos”.

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE SETEMBRO

DÍA 4	LECTURA	Sab 9, 13-19	Quen sabe o que quere Deus?
	EVANXEO	Lc 14, 25-33	Para seguir a Xesús hai que cargar a cruz
DÍA 11	LECTURA	1 Tim 1, 12-17	Cristo veu para salvar aos pecadores
	EVANXEO	Lc 15, 1-10	A alegría de atopar a ovella perdida
DÍA 18	LECTURA	Am 8, 4-7	Non esqueceréi a quen se aproveite do pobre
	EVANXEO	Lc 16, 1-13	Quen é fiel no pouco tamén o será no moito
DÍA 25	LECTURA	1 Tim 6, 11-16	Loita na fermosa competición da fe
	EVANXEO	Lc 16, 19-31	O home rico e o pobre Lázaro